Concello de
Vilagarcía de Arousa
Área de Promoción Económica
Desenvolvemento Local

Praza Ravella, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 099 200 ext. 220 · F 986 501 109
CIF: P/3606000 B
tle@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

BASES E REGULAMENTO DO USO E ADXUDICACION DAS CASETAS MUNICIPAIS DA ALDEA DE NADAL 2026 DO CONCELLO DE VILAGARCÍA.

PRIMEIRA. OBXECTO.

O obxecto das presentes Bases son: a **Selección, Regulación** e **Normas do Uso** que deberán cumprir os vendedores aos que se lles adxudique cada unha das ***Casetas*** *de venda da* ***Aldea de Nadal 2026*** *que o Concello instalará na* ***Rúa Clara Campoamor*** dende o **18 de decembro de 2026** ata o **5 de xaneiro de 2027** (ambos inclusive).

SEGUNDA. INSTALACIÓNS DA ALDEA DE NADAL

Os espazos a ocupar pola **Aldea de Nadal 2026** serán:

A ***Rúa Clara Campoamor*****,** onde se instalarán ata un **máximo** de **8 casetas de madeira** de uns 5 m^2 cada unha (para a venda) de **titularidade municipal**, continuará pola ***Rúa do Rio*** engadindo elementos decorativos relacionados coa temática elixida que será "O Conto de Nadal" de Charles Dickens, simulando unha rúa do Londres da época Victoriana, así ata chegar as inmediacións do ***Salón García,*** edificio no que se celebrarán Obradoiros para nen@s (no espazo da entrada) e representacións Teatrais e actuacións Musicais no patio de butacas.

TERCEIRA. ORGANIZACIÓN DA ALDEA e PRODUTOS DE VENDA AUTORIZADOS.

1. A **selección dos vendedores** entre tódalas solicitudes achegadas, para o uso e desfrute das casetas nas **datas concretas** que soliciten, e a **distribución** dos mesmos en cada unha delas; asignaranse dacordo coa decisión que determine a **Comisión de Valoración** composta por Funcionarios Municipais.
2. **Dotación das Casetas Municipais**: Iluminación e toma de corriente, un extintor**,** así como elementos mínimos precisos para a exhibición dos produtos de venda (unha ou dúas estanterías, unha ou dúas cadeiras e a opción dunha mesa, si a precisan).
3. Farase **Reserva de 1 caseta** para as **ONGs**, **Fundacións** e outras entidades radicadas no Concello de Vilagarcía, dedicadas a **fins sociais** e **sen ánimo de lucro**.
4. No caso da venda de alimentos, especialmente dos elaborados artesanalmente, estes deberán contar co **rexistro sanitario** correspondente a cada produto obxecto de venda; as persoas que exerzan a actividade deberán dispoñer do correspondente **carné de manipulador de alimentos** e **cumprir** coa **normativa en materia de Hixiene e Seguridade alimentaria** que afecte ao seu produto e/ou actividade, así como a os

Verificación en: http://sede.vilagarcia.gal/dcsv/OECMRMN50C777UKN

instrumentos utilizados para a súa elaboración. Defínense como alimentos artesáns os tradicionais no tempo de Nadal (turróns, polvoróns, mazapáns….).

5. **Tódolos produtos** obxecto de venda, estarán relacionados dalgún xeito coa **Temática propia do tempo de Nadal**, así poderán ser do tipo:

a). **Alimentos**: Comidas (doces e salgadas), bebidas frías e quentes así como produtos de repostería típica do Tempo do Nadal, valoraranse as que sexan de elaboración artesanal.
b). **Decoración**: figuriñas do Belén tradicional, Árbore de Nadal, Papá Noel **...** así como adornos, postais do Nadal e elementos para a ambientación do Nadal nos fogares.
c). **Complementos variados**: Lámparas, velas, grilandas, xoguetes, instrumentos musicais típicos do Nadal, antigüidades, bixutería artesanal, agasallos varios, etc...

***** A **Comisión de valoración Municipal** estimará a posibilidade de venda de calquera outro tipo de artigo neste apartado, e terá, en todo caso, facultades para **rexeitar a venda de aqueles artigos que considere inadecuados** ou sexan unha **competencia desleal** para o *Comercio Local*.
**** A autorización do uso da caseta municipal, de acordo co establecido nas presentes bases, non prexulga calquera outra autorización ou licenza que sexa preceptiva.**

CUARTA. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN e FORMULARIO - (MODELO 50005).

O prazo para a presentación das ***Solicitudes*** *de* ***Participación***, será o seguinte:

Comezo do prazo: as 00:01h do **martes 17 de novembro do 2026**
Remate do prazo: as 23:59h do **venres 4 de decembro do 2026**

As solicitudes deberán achegarse a través da *Sede Electrónica* do Concello (sede.vilagarcia.gal) cumprimentando e asinando o **Formulario de Solicitude** (**Modelo 50005)** ou tamén poden facelo a través do *Rexistro Oficial* de calquera outra administración; neste último caso o solicitante **deberá comunicar** a través do **envío dun correo electrónico** á dirección de mail: jquintans@vilagarcia.gal, **na mesma data** na que presente a súa solicitude, **xuntando** no mail a **copia da solicitude** tramitada .

Só poderá presentarse **unha solicitude** por **cada interesado/a,** o que lle dará opción a **unha única caseta** (nas datas solicitadas) sen que sexa posible usar a persoas físicas ou xurídicas interpostas para optar a máis dun posto, só se atenderá á primeira solicitude de cada Interesado/a que conste no Rexistro Municipal, (sede.vilagarcia.gal); desestimándose o resto de solicitudes achegadas.

Verificación en: http://sede.vilagarcia.gal/dcsv/OECMRMN50C777UKN

QUINTA. DOCUMENTACIÓN A APORTAR.

a) Formulario de solicitude (**Modelo 50005**) debidamente cuberto e **asinado**.

b) Fotocopia do DNI/NIE/CIF. No caso de persoas xurídicas, deberá achegar ademais a copia dos seus estatutos e a acreditación da representación da persoa que formula a solicitude.

c) Memoria declarativa dos produtos obxecto da venda, na que se detalle a orixe dos produtos, procedemento de elaboración no caso de produtos artesanais, achegando tamén un máximo de **2** ou **3 fotografías dos produtos** obxecto de venda en **formato PDF**.

SEXTA. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

As solicitudes de participación achegadas serán valoradas por unha **Comisión de Valoración Municipal** que estará integrada por:

- O Concelleiro/a do Dpto. de Promoción Económica.
- Unha Técnica/o do Dpto. de Promoción Económica.
- Un Representante da Administración.

****** No caso de que o número de solicitudes exceda o número das casetas dispoñibles, os postos **asignaranse por resolución da *Comisión de Valoración Municipal.***

SÉTIMA. OBRIGAS.

- A presentación da solicitude implica a **aceptación íntegra das presentes Bases.**
- A persoa que atenda o posto deberá cumprir coas condicións de hixiene e seguridade alimentaria que sexan de aplicación en cada caso.
- A Instalación adxudicada será dedicada exclusivamente ao obxecto manifestado na solicitude.
- Non ceder, vender ou subarrendar a terceiros as autorizacións de uso concedidas.
- Atender e cumprir en todo momento as indicacións efectuadas polos Funcionarios Municipais e axentes da Policía Local do Concello de Vilagarcía.
- Cumprir coas obrigas establecidas pola normativa de protección de consumidores e usuarios.
- Cumprir diariamente cos horarios establecidos de **apertura e peche** das casetas de venda que se indican a continuación; estes horarios poderían estar sometidos a algunha variación por motivos ou causas xustificadas que puideran acontecer.

Verificación en: http://sede.vilagarcia.gal/dcsv/OECMRMN50C777UKN

Con carácter xeral, o **HORARIO** de **apertura e peche** das casetas de venda, será o seguinte:

Venres 18 de Decembro.....Xornada de tarde 17 h a 22h

Sábado 19 de Decembro..... Xornada de mañá 11h a 14h
Xornada de tarde 17h a 22h

Domingo 20 de Decembro.....Xornada de mañá 11h a 14 h
Xornada de tarde 17h a 22 h

Luns 21 de Decembro.....Xornada de mañá 11h a 14 h
Xornada de tarde 17h a 21:30 h

Martes 22 de Decembro.....Xornada de mañá 11h a 14 h
Xornada de tarde 17h a 21:30 h

Mércores 23 de Decembro..... Xornada de mañá 11h a 14 h
Xornada de tarde 17h a 21:30h

Xoves 24 de Decembro.....Xornada de mañá 11h a 14h
Xornada de tarde 17h a 20h

Venres 25 de Decembro.....Xornada de mañá 11h a 14h
Xornada de tarde 17h a 20h

Sábado 26 de Decembro.....Xornada de mañá 11h a 14h
Xornada de tarde 17h a 22h

Domingo 27 de Decembro..... Xornada de mañá 11h a 14h
Xornada de tarde 17h a 22h

Luns 28 de Decembro..... Xornada de mañá 11h a 14h
Xornada de tarde 17h a 21:30h

Martes 29 de Decembro..... Xornada de mañá 11h a 14h
Xornada de tarde 17h a 21:30h

Mércores 30 de Decembro..... Xornada de mañá 11h a 14h
Xornada de tarde 17h a 21:30h

Xoves 31 de Xaneiro..... Xornada de mañá 11h a 14 h
Xornada de tarde 17h a 20h

Venres 1 de Xaneiro..... Xornada de tarde 17h a 21:30h

Sábado 2 de Xaneiro..... Xornada de mañá 11h a 14h
Xornada de tarde 17h a 22h

Domingo 3 de Xaneiro..... Xornada de mañá 11h a 14h
Xornada de tarde 17h a 22h

Verificación en: http://sede.vilagarcia.gal/dcsv/OECMRMN50C777UKN

Luns 4 de Xaneiro.....Xornada de mañá 11h a 14h

Xornada de tarde 17h a 21:30h

Martes 5 de Xaneiro.....Xornada de mañá 11h a 14h

Xornada de tarde 17h a 20h

OITAVA. **DOCUMENTACIÓN**.

Os adxudicatarios das casetas de venda, deberán ter a disposición do persoal Municipal responsable da Aldea de Nadal, a documentación referente ás obrigas e autorizacións que sexan de obrigado cumprimento, que lles poderá ser requirida para a súa verificación en calquera momento, a documentación e a seguinte:

- Certificado de atoparse ao corrente coas obrigas da *Seguridade Social* e a alta no réxime que corresponda tanto do titular, como das persoas que vaian exercer a actividade de venda.
- Alta no IAE e autorizacións para a venda, de ser obrigatorias segundo a súa actividade.
- Póliza orixinal e recibo do *seguro de responsabilidade civil en vigor*, que cubra as posibles reclamacións derivadas da actividade desenvolvida cun límite de indemnización non inferior a 150.000 €.

A presentación de solicitude de participación, *implica a* ***declaración responsable*** de que o **solicitante cumpre as esixencias establecidas nas presentes Bases,** especialmente o establecido na Base OITAVA (documentación).

O incumprimento de calquera destas obrigas, incluíndo os horarios de apertura e peche, salvo causa xustificada, deixará sen efecto a autorización concedida**, debendo deixar baleira a caseta e facer entrega das chaves de xeito inmediato.**

O Concello de Vilagarcía contratará un ***Servizo de Seguridade Privado*** **de** ***Vixilancia Nocturna*** na zona na que se sitúen as casetas de venda (Rúa Clara Campoamor), dende o **16 de decembro** de 2026 ata o **5 de xaneiro** de 2007 (ambos inclusive). Polo que os vendedores deberán baleirar as casetas e facer **entrega das chaves** a os Funcionarios do Concello, como máis tarde o longo da mañá do día **6 de xaneiro**.

**** A partir do 5 de xaneiro de 2027 o Concello Non se fai responsable de calquera incidencia que se poida producir nas casetas de venda, por danos, vandalismo, roubo de mercaderías... etc.**

Verificación en: http://sede.vilagarcia.gal/dcsv/OECMRMN50C777UKN

NOVENA. PUBLICIDADE da CONVOCATORIA.

A convocatoria para a presentación de solicitudes publicarase na **Sede Electrónica** do Concello de Vilagarcía (sede.vilagarcia.gal), nas súas **Redes Sociais** e na **prensa** local

DÉCIMA. RESOLUCIÓN, CADUCIDADE e SUSPENSIÓN DA OCUPACIÓN.

Producirase **polo incumprimento das anteriores obrigas** e polas causas seguintes:

a) Remate do prazo de celebración do evento "*Aldea de Nadal 2026*".

b) Non usar ou destinar o posto de venda, a os usos non manifestados na solicitude.

c) Presentación antiestética ou desordenada, descoido do posto de venda, no aseo do persoal, incorrección no trato á clientela, provocación de alteracións do Orde Público, altercados ou escándalos.

d) Incumprimento das indicacións que se formulen polos Funcionarios e servizos técnicos Municipais e a Policía Local.

e) Por motivos de seguridade cidadá e interese público motivado especialmente por razóns de emerxencia sanitaria, **deberán cumprir as normas de carácter sanitario** esixidas en cada momento.

f) Queda totalmente **prohibida a utilización de elementos e dispositivos externos** que poñan en perigo a seguridade, especialmente, prohíbese conectar dentro da caseta calquera tipo de **aparato eléctrico** sen a previa **supervisión** e autorización expresa dos Funcionarios Municipais.

UNDÉCIMA. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Aplicaranse neste extremo as disposicións da **Ordenanza reguladora de venda ambulante** do Concello de Vilagarcía de Arousa.

A interpretación das infraccións e a aplicación de sancións, resolveranse trala tramitación do oportuno **expediente con audiencia ao interesado**.

Vilagarcía de Arousa, na data de sinatura dixital

Álvaro Carou García

Concelleiro de Promoción Económica

Asinado por: ALVARO CAROU GARCIA
Cargo: Concelleiro de Turismo e NNTT
Data e hora: 12/1/2026 14:16

Verificación en: http://sede.vilagarcia.gal/dcsv/OECMRMN50C777UKN